



Procedemento de solicitude e de matrícula, do alumnado matriculado neste centro, en ciclos formativos de grao medio e superior da oferta ordinaria

Alumnado que promova ao 2º curso

O alumnado que, tendo superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma dos módulos pendentes non supera 300 horas, queira cursar o 2º curso do ciclo no mesmo centro, terá a praza garantida o ano académico seguinte. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza para o segundo curso, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
 - Anexo I, "Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior da oferta ordinaria en centros sostidos con fondos públicos", que estará dispoñible na páxina <http://www.edu.xunta.gal/fp>, na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (procedemento ED519A) así como en conserxería.
 - Xustificante de pago do seguro escolar
 - O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.

Alumnado que repita 2º curso

Consonte o artigo 4.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano académico seguinte. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza para o segundo curso, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
 - Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior da oferta ordinaria en centros sostidos con fondos públicos. (dispoñible en conserxería).
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
 - O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.

Alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de FCT (e/ou de Proxecto, no caso de ciclos de grao superior)

Este alumnado poderá realizar unha segunda matrícula para estes módulos, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:



- Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior da oferta ordinaria en centros sostidos con fondos públicos. (dispoñible en conserxería).
- Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.

Alumnado que repita 1º curso

O alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano académico seguinte.

Para tal fin, deberá:

- Presentar unha solicitude de admisión a través do asistente web www.edu.xunta.gal/ciclosadmision.
A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para que sexa unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos para ser selada, datada e validada.
 - Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.
- Comprobar que a súa solicitude estea correctamente recollida na listaxe provisional de solicitudes.
 - Publicación o 10 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
 - De non ser así: poderá presentar unha reclamación do 10 de xullo ata as 13:00 horas do 12 de xullo.
- Comprobar que figura na listaxe definitiva de solicitudes e que ten praza adxudicada.
 - Publicación o 17 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
- Formalizar a súa matrícula:
 - Documentación:
 - Reserva de matrícula a través da aplicación web www.edu.xunta.gal/ciclosadmision, ou impreso dispoñible en conserxería.
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos)..
 - Prazo de matrícula: do 17 xullo ás 9:00 ao 22 xullo ás 13:00 horas.

Alumnado que teña superado o módulo de FCT (e de Proxecto, no caso de ciclos de grao superior)

Este alumnado deberá pasar polas oficinas do centro para tramitar, o antes posible, a solicitude do título.

Toda a información ao respecto está publicada en www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp e en www.edu.xunta.gal/ciclosadmision.